

# XESDE

Manual do usuario

Daniel Muñiz Fontoira  
Informático da FEGAN

## Índice de contidos

1.XENERALIDADES.....	3
1.1.Datas.....	3
1.2.Exportar datos das listas.....	3
2.INSTALACIÓN.....	3
3.PERSOAS E LICENZAS.....	4
3.1.Buscar licenzas.....	4
3.2.Modificación de datos da persoa.....	5
3.3.Alda de licenzas.....	5
3.4.Envío de licenzas.....	5
3.5.Actualizacións.....	5
3.5.1.Só a tempada actual.....	5
4.CAMPIONATOS.....	5
4.1.Importar un campionato.....	6
4.2.Propiedades do campionato.....	6
4.3.Probas.....	7
4.3.1.Engadir proba.....	7
4.3.2.Modificar.....	7
4.4.Importar base de datos.....	7
4.5.Inscricións.....	7
4.6.Inscricións da proba (individual).....	8
4.7.Inscricións da proba (remudas).....	9
4.8.Comprobación de inscricións.....	9
4.9.Xerar base de datos.....	9

## 1. Xeneralidades


O Xesde ven a substituír o programa Licencias.

Permite ver as licenzas tramitadas cos prezos reais, os resultados, xestión de competicións...

As licenzas e resultados actualízase automaticamente contra a base de datos da FEGAN.

### 1.1. Datas

As datas con carácter xeral insírense poñendo o ano-mes-día todo xunto sen caracteres separadores, mes e día sempre con dous díxitos por exemplo para o 1 de setembro de 2015 poríase: 20150901.



Nome:	<input type="text"/>	Tempo	
Apelidos:	<input type="text"/>	Estan	
Data ini/fin	<input type="text" value="20141001"/>	<input type="text" value="20150930"/>	ID de
Ano ini/fin	<input type="text"/>	<input type="text"/>	ID do

No exemplo de arriba, pertencente ó formulario de «Busca de resultados» estase a indicar que busque resultados entre as datas 2014-10-01 (1 de outubro de 2014) e 2015-09-30 (30 de setembro de 2015).

### 1.2. Exportar datos das listas

Premendo co botón dereito sobre as listas estas dan a posibilidade de exportar o seu contido a un ficheiro .csv o cal pode ser importado desde a maioría de xestores de follas de calculo como por exemplo Calc de Libreoffice.

## 2. Instalación

Descargar, e descomprimir.

[http://www.fegan.org/fegan/xesde\\_20151027.zip](http://www.fegan.org/fegan/xesde_20151027.zip)


Poñer o cartafol por exemplo no escritorio

Entrar no cartafol do xesde e executar o ficheiro xesde.exe

Este é un aplicativo portátil polo que mesmo podes levalo nunha memoria USB.



Cando se executa por primeira vez pedirá usuario e clave.

Unha vez que arranca o aplicativo este cargase na barra de tarefas ó lado do reloxo.



Nas imaxes de arriba pode verse un exemplo da icona en win XP e outra no 7.


Ao arrancar comproba se hai actualizacións e de habelas pregunta se se desexa actualizar. Salvo que se teñan licenzas de escola pendentes de enviar para anovar, o recomendado é responder que SI



A primeira vez recoméndase empregar o botón actualizar todo. En posteriores actualizacións actualizar segundo conveña.

### 3. Persoas e licenzas

Se se modifica unha licenza esta pasa a estar NON anovada polo que hai que exportala e enviala para modificar á FEGAN. Olo isto é só para as licenzas de escola pois as demais han de ser modificadas no ISIS.



A window titled 'Persoa' with search and filter options. It includes fields for 'ID de persoa', 'Apelidos', 'Nome', 'Sexo', 'Data de nacemento', and 'DNI/NIE'. There is a 'Busca rápida' button and a checked checkbox for 'Amosar só as licenzas da tempada actual'. Below these is a table with columns: Tempada, Disciplina, Estam., Ámbito, Clube, Clube desc., Feder., Anovada, Incorporación, Renovación, Válida até, Prezo, Seguro. At the bottom, there are buttons for 'Ámbito', 'Mudar', 'Anovar', 'Engadir', 'Modificar', 'Eliminar', 'Eliminar persoa', 'Informe', 'Gardar', and 'Pechar'.

#### 3.1. Buscar licenzas

Para buscar unha persoa insírese o número de licenza e pulsase o tabulador, se non existe o número de

licenza da a posibilidade de crear a persoa. Tamén se pode buscar a persoa a traveso do botón «Busca rápida», este método permite buscar poñendo parte dos apelidos e nome (a orde é importante primeiro póñense os apelidos ou parte deles a buscar e logo o nome ou parte del). Por exemplo se queremos buscar a Manuel Garcia Alonso, no cadro de busca podemos poñer «gar al ma». para desprezar o cadro de busca rápida tamén se pode usar o atallo ALT+R.

### 3.2. Modificación de datos da persoa

Cada vez que se modifique algún dato da persoa (nome, apelidos, sexo, data de nacemento...) a licenza a de ser enviada para ser modificada canto antes. Olo isto é só para as licenzas de escola pois as demais han de ser modificadas no ISIS.

### 3.3. Alta de licenzas

Danse de alta no menú **Persoas**,

Unha vez que aparecen os datos da persoa dáse de alta a licenza. As licenzas dadas de alta polos clubs aparecerán co estado de NON anovada.

Unha vez dadas de alta as licenzas que se queren tramitar envíanse á FEGAN (licenzas@fegan.org).

### 3.4. Envío de licenzas

Para a xeración do envío de licenzas accédese ó menú **Busca de licenzas**, ponse a opción de Anovada a Non e prémese en buscar. Aparecerán as licenzas e persoas que foron modificadas nalgún dos seus datos máis as altas de habelas.

### 3.5. Actualizacións


O aplicativo sincroniza a base de datos a partir da da FEGAN no sentido FEGAN -> clube. Os cambios que o clube realizase desde a anterior actualización serán perdidos. Se o clube ten licenzas de escola creadas ou modificadas e pendentes de enviar á FEGAN, estas han de ser enviadas antes xa que despois da actualización estas licenzas desaparecerán ó non constar na FEGAN.

#### 3.5.1. Só a tempada actual

Cando se elixe a opción de actualizar «Só a tempada actual» sincronizará as licenzas e resultados da tempada actual e a da anterior. As licenzas e resultados non pertencentes a estas dúas tempadas serán borrados da base de datos do clube.

## 4. Campionatos

Permite a xestión de campionatos



The screenshot shows a window titled 'Campionatos' with a dropdown menu for 'Tempada' set to '15/16'. Below the dropdown is a table with the following data:


N.	Campionato	Nome	Tempada Liga	Data	L. orde	P. ind.	P. rem.	Método res.
1	151600186001	TT nadador completo	15/16	17 outubro 2015	0	0	0	
2	151601133725	Toma Tempos P25	15/16		0	0	0	

At the bottom of the window, there are several buttons: 'Replicar campionato', 'Xerar resultados', 'Exportar', 'Importar', 'Inscripcións', 'Eliminar', 'Modificar', and 'Engadir'.

## 4.1. Importar un campionato

Desde a xanela Campionatos premer no botón importar e seleccionar o ficheiro con extensión .cto, de seguido debería aparecer na lista.

## 4.2. Propiedades do campionato



**Campionato**

ID do campionato\*: 1516XX111LP1      Descrición longa\*: LIGA GALEGA PROMESAS X1

Datas\*: 14 NOV 2015      Sede: MONFORTE

Disciplina\*: NATACION      Estamento\*: DEPORTISTAS

Ámbito\*: Territorial      Tempada\*: 15/16

Liga:      Orde na liga: 0

Puntos individual: FINA  Personalizar:

Puntos remuda: FINA  Personalizar:

Número que puntúan por clube en probas individuais: 0

Número que puntúan por clube en probas de remudas: 0

Lonxitude da piscina\*: 25      Tipo de cronometraxe\*: Manual

Inscripcións máximas por persoa: 1      Método de resultados:

Resultados desde data\*: 20141001      Resultados até data\*: 20160930

\*Campo obrigatorio.

Categorías    Probas    Xerar BDD    Exportar    Gardar    Pechar

Funcións dos botóns:

«Categorías»: permite a xestión de categorías do campionato.


«Probas»: permite engadir, modificar e eliminar probas.

«Xerar BDD»: xera a base de datos para Piscina cos participantes, inscricións...

«Exportar»: exporta o campionato coas súas propiedades a un ficheiro (non inclúe as inscricións) o que permite que outro clube poida importalo e xerar as inscricións.

## 4.3. Probas

### 4.3.1. Engadir proba



Engadir proba campionato

ID do campionato: 151600639001

Proba: 100L

Sexo: Masculino

Categoría: ABSO

Nome: 100m Libre Masculino ABSO

Max. inscr.: 99


Incluir categoría no nome

Sair Engadir

Insc. máx. é número máximo de inscricións do clube na proba son os nadadores máximos que o clube pode inscribir na proba.

### 4.3.2. Modificar

Permite mudar o a descrición da proba e o número máximo de inscricións por clube na proba.



Modificar proba de campionato

ID do campionato: 151600639001

Proba: 200L

Sexo: F

Categoría: ABSO

Nome: 200m Libre Feminino

Max. inscr.: 2

Cancelar Aceptar

Este formulario non permite mudar o resto de valores.

## 4.4. Importar base de datos

Esta acción realízase desde o menú campionatos premendo no botón Importar, e seleccionando a base de datos a importar.

## 4.5. Inscricións

Desde o menú campionatos seleccionase a o campionato no que se queren facer as inscricións e prémese no botón Inscricións.

Aparecerá unha xanela coas distintas probas sobre as que se poden facer as inscricións.

INSCRIPCIÓN DE PRUBAS EN CAMPIONATO

ID do campionato: 151600639001

N.	Proba	Sexo	Categoría	Nome	Ind/Rem	Inscrito
21	100L	F	ABSO	100m Libre Feminino	I	0
22	100L	M	ABSO	100m Libre Masculino	I	0
23	100M	F	ABSO	100m Bolboreta Feminino	I	0
24	100M	M	ABSO	100m Bolboreta Masculino	I	0
25	50E	F	ABSO	50m Costas Feminino	I	0
26	50E	M	ABSO	50m Costas Masculino	I	0
27	200B	F	ABSO	200m Braza Feminino	I	0
28	200B	M	ABSO	200m Braza Masculino	I	0
29	4X50L	X	ABSO	4X50m Libre Mixto	R	5
30	4X50S	X	ABSO	4X50m Estilos Mixto ABSO	R	1

Funcións dos botóns:

«Calcular»: permite calcular as posibles inscricións de todas as probas á vez.

«Exportar»: empregase para unha vez feitas as inscricións xerar o ficheiro que se lle envía ó organizador quen empregará o botón «Importar todo» para recoller ditas inscricións.

«Importar»: permite importar un ficheiro de inscricións.

«Informe»: xera un informe (en PDF) coas inscricións.

«Comprobar»: comproba inscricións máximas por nadador e de clube por proba.

«Inscripcións da proba»: accede ó formulario para a realización das inscricións da proba seleccionada.

#### 4.6. Inscricións da proba (individual)

O botón «Calcular» calcula as posibles inscricións para a proba

INSCRIPCIÓN PARA PROBA DE CAMPIONATO (INDIVIDUAIS)

ID do campionato: 151600639001 | Proba: 100M | Categoría: ABSO | Sexo: F

N.	Licenza	Apellidos	Nome	Sexo	Data de nace	Clube	Piscini: Crono	Marca	Data	Sede	Ponderada	Inscrito
----	---------	-----------	------	------	--------------	-------	----------------	-------	------	------	-----------	----------

O botón «Inscribir» inscribe ó nadador seleccionado. **Se xa está inscrito realiza a opción contraria.**

Poden inscribirse varios nadadores á vez empregando a tecla Control a cal permite seleccionar varias liñas á vez e finalmente premendo no botón «Inscribir».

«Exportar» exporta as inscricións só da proba na que se está.



## 4.7. Inscricións da proba (remudas)

INSCRICIÓN PARA PROBA DE CAMPIONATO (REMUDAS)

ID do campionato: 151600639001 | Proba: 4X50L | Categoría: ABSO | Sexo: X

N.	Licenza	Nome	Sexo	Clube	Piscina	Crono	Marca	Data	Sede	Ponderada	Por suma	Inscrito
1	0018602	NCORUÑA 02	X	NCORUÑA	25	M	1:37.61			1:37.61	✓	✓
2	0018601	NCORUÑA	X	NCORUÑA	25	E	1:43.22	20141129	INEF	1:43.22		✓
3	0067401	CNFERRO	X	CNFERRO	25	E	1:43.76	20141129	INEF	1:43.76		
4	0014602	CMARINA 02	X	CMARINA	25	M	1:44.28			1:44.28	✓	✓
5	0039801	CFVLUGO	X	CFVLUGO	25	E	1:44.56	20141129	INEF	1:44.56		✓
6	0076901	RIVEIRA	X	RIVEIRA	25	E	1:46.18	20141129	INEF	1:46.18		
7	0113301	ARTEIXO	X	ARTEIXO	25	E	1:47.23	20141129	INEF	1:47.23		
8	0010101	POURENSE	X	POURENSE	25	E	1:47.29	20141129	INEF	1:47.29		
9	0028201	CDELMAR	X	CDELMAR	25	E	1:47.45	20141129	INEF	1:47.45		
10	0129501	CIDSANTI	X	CIDSANTI	25	E	1:48.53	20141129	INEF	1:48.53		
11	0115601	POP MIÑA	X	POP MIÑA	25	E	1:49.08	20141129	INEF	1:49.08		

«Engadir por suma» permite engadir remudas por suma de tempos.

«Membros» permite ver os membros seleccionados das remudas por suma.

## 4.8. Comprobación de inscricións

O aplicativo é quen de comprobar as inscricións por persoa, avisando cando estas se exceden, por exemplo se unha persoa non pode participar en máis de dúas probas individuais e está inscrito en 3 avisará.

Tamén avisa no caso de exceder as inscricións de clube por proba. Por exemplo, se un clube non pode inscribir máis de 3 nadadores por proba e inscribe 4 o aplicativo avisará de que se excedeu o número máximo de inscricións na proba.

## 4.9. Xerar base de datos

Ao xerar a base de datos expórtanse todos os participantes das inscricións estean ou non inscritos. Exporta só as remudas con inscricións.

A vantaxe disto radica en que de precisar os seus datos posteriormente os mesmos xa figuran na base de datos.